

SEGUIMENTOS CHINA

O Centro de China para o Benestar e a Adopción dos Nenos (en diante, CCCWA), co fin de facer un seguimento das persoas chinas que foron adoptadas por familias estranxeiras, e para protexer os seus dereitos e intereses, decide facer algúns axustes e mellorar o traballo dos informes posteriores á colocación e establecer unha “segunda fase do sistema de informes posteriores á colocación”.

O CCWA informa o seguinte: as familias adoptivas que **non** viñeran a China para o rexistro de adopción e **non** completaran 6 informes posteriores á colocación en 5 anos, deben cumprir cos requisitos da “segunda fase do sistema de informes posteriores á colocación”, o que significa que as familias deben enviar os materiais requiridos a CCCWA todos os anos desde o sexto ano despois da adopción ata que o/a neno/a cumpra 18 anos.

Por outra parte, as familias adoptivas que finalizaran o rexistro de adopción e completaran a presentación dos 6 informes dentro dos 5 anos antes do 1 de abril de 2021, poden cargar **voluntariamente** materiais da “segunda fase de informes posteriores á colocación” sen ningún requisito obrigatorio.

Non se cobran tarifas na segunda fase dos informes posteriores á colocación.

En canto ao contido, deben presentarse anualmente ao CCCWA, polo menos 5 fotos da persoa adoptada (formato jpg) e vídeos de ata 1 minuto, e, pode cargarse tamén material escrito que reflecta o crecemento e vida do/a/s neno/a/s centrándose nas esceas da vida cotiá, tratamento médico e rehabilitación dos nenos con necesidades especiais, logros académicos, exhibición de talentos, benestar público e actividades de competencia, etc

A presentación de informes poderá facerse iniciando sesión no Sistema de Información de Colocación de Nenos para Adopción Internacional (CPIS) en www.chinaadoptioninfo.cn para acceder á páxina web da “segunda fase do informe posterior á colocación” (portal familiar) para cargar os materiais requiridos directamente. Se é a primeira vez que inicia sesión, rexístrase primeiro e utilice o nome de usuario e o contrasinal para iniciar sesión no sistema e verificar a súa

identidade. Para obter información detallada, consulte a Guía do usuario que se publicará na páxina de inicio de sesión do CPIS.

Centro de China para o Benestar e a Adopción dos Nenos